

## CONSULTA PÚBLICA PREVIA

### EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA NORMATIVA DENOMINADA:

- **REGULAMENTO DA CAIXA MUNICIPAL DE GARANTÍAS E DEPÓSITOS DO CONCELLO DE NARÓN**

OBXECTO: Coa finalidade e obxectivo de mellorar a participación d@s cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto dunha norma regulamentaria, sustanciárase unha consulta pública, a través do portal web do Concello de Narón.

#### NORMATIVA:

Artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 5 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

#### PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a consulta pública previa da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns e organizacións representativas afectadas pola futura norma.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

#### DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

É intención desta Corporación a elaboración e posterior aprobación da seguinte norma:

- **REGULAMENTO DA CAIXA MUNICIPAL DE GARANTÍAS E DEPÓSITOS DO CONCELLO DE NARÓN**

O ordenamento xurídico local xeral non regula expresamente o funcionamento nin os procedementos que se deben seguir para a constitución, xestión, prescrición e execución das

garantías prestadas antes as entidades locais nin a caixa de garantías e depósitos municipal.

A través da figura do regulamento da caixa municipal de garantías e depósitos do Concello de Narón preténdese regular os trámites e procedementos aplicables ás garantías e depósitos que se depositen e esixan polo Concello de Narón e os seus organismos autónomos, mellorando así o funcionamento da Administración en beneficio dos seus cidadáns.

En definitiva, sendo manifesto que toda a normativa existente contense en normas de carácter estatal, xa sexan ditadas para a propia Administración do Estado como para a xeneralidade de Administracións Públicas, e que non existe norma estatal ou autonómica sobre a materia adaptada á Administración Local, é polo que, con esta disposición, se realiza un esforzo para a adaptación desa normativa ao funcionamento e características do Concello de Narón, entendendo ademais que é o instrumento máis adecuado por canto se dota da forza xurídica necesaria para regular as relacións con terceiros derivadas da operativa especificada no seu ámbito obxectivo.